



## **ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DO PROFESORADO AO CONSELLO ESCOLAR**

### **CONVOCATORIA**

De acordo coa Resolución do 7 de setembro de 2012, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros de educación non universitaria (DOG do 20), a Xunta Electoral deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE PROFESORES**, segundo as seguintes normas:

1. Conforme o establecido no artigo 9 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a TRES profesores dun total de seis que debe ter o Consello Escolar. Os outros tres representantes do profesorado continúan como consecuencia da súa elección anterior no ano 2010.
2. O censo electoral de mestres está exposto a partir do 7 de novembro no taboleiro de anuncios das salas de profesores do Centro.
3. As candidaturas correspondentes poderanse presentar a partir do día 8 de novembro ata as 16'00 horas do día 15 de novembro.
4. A mesa electoral estará formada polo Director do Centro, que actuará como presidente, e os profesores de maior e menor idade, actuando este último de secretario.
5. Cada profesor fará constar na papeleta das eleccións un máximo de **tres nomes** da lista de candidatos.
6. O voto será directo, secreto e non delegable.
7. Para dar cumprimento o artigo 35 do referido Decreto 92/1988, do 28 de abril, que establece que en reunión de claustro se proceda a dar lectura das normas legais relativas o procedemento da elección de representantes dos profesores no Consello Escolar, así coma tamén a fixación, en dita reunión, da data de celebración do Claustro extraordinario para a elección dos mesmos.
8. A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Coristanco, 7 de novembro de 2012

**O DIRECTOR E PRESIDENTE DA XUNTA ELECTORAL**